

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL DAS INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, AUGA E HIDROCARBUROS

O Pleno do Concello de Cambados, no uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, os artigos 4 e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e os artigos 15 a 19, 20 a 27 e 57 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acorda, mediante a presente Ordenanza Fiscal, a imposición e ordenación da **Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos.**

Artigo 1.- Ámbito de aplicación

A aplicación da presente ordenanza refírese ao réxime xeral, que se corresponde coa taxa establecida no artigo 24.1 a) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local nos que non concorran as circunstancias de ser empresas subministradoras de servizos de interese xeral que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante do veciñanza e que ocupen o solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais, circunstancias previstas no artigo 24.1 c) do citado Real Decreto.

Artigo 2.- Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa, de acordo co artigo 20 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Ley Reguladora das Facendas Locais, a utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local no seu solo, subsolo e voo con:

- a) Instalacións de transporte de enerxía eléctrica con todos os seus elementos indispensables que aos meros efectos enunciados defínense como caixas de amarre, torres metálicas, transformadores, instalacións ou liñas propias de transporte ou distribución de enerxía eléctrica, gas, auga ou outras subministracións enerxéticas, instalacións de bombeo e demais elementos análogos que teñan que ver coa enerxía e que constitúan aproveitamentos ou utilizacións do dominio público non mencionados neste apartado.
- b) Instalacións de transporte de gas, auga, hidrocarburos e similares.

O aproveitamento especial do dominio público local producirase sempre que se deban utilizar instalacións das referidas que materialmente ocupan o dominio público en xeral.

Aos efectos da presente ordenanza enténdese por dominio público local todos os bens de uso, dominio público ou servizo público que se atopen no termo municipal, así como os bens comunais ou pertencentes ao común dos veciños, exceptuándose por elo os denominados bens patrimoniais.

Artigo 3.- Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos da taxa regulada nesta ordenanza, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria que desfruten, utilicen ou aproveiten o dominio público local.

Principalmente, serán suxeitos pasivos desta taxa, coas categorías e clases que se dirán, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria que teñan a condición de empresas ou explotaciónes dos sectores de electricidade, auga, gas e hidrocarburos, sempre que desfruten, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, conforme a algún dos supostos previstos nos artigos 20 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, tales como as empresas que producen, transportan, distribúen, subministran e comercializan enerxía eléctrica, hidrocarburos (gasodutos, oleodutos e similares) e auga, así como os seus elementos anexos e necesarios para prestar o servizo neste Concello ou en calquera outro lugar, pero que utilicen ou aproveiten o dominio público municipal, afectando coas súas instalacións ao dominio público local.

Artigo 4.- Responsábeis

Os supostos de responsabilidade, xa sexa subsidiaria ou solidaria, serán os previstos na normativa tributaria.

Artigo 5.- Beneficios fiscais

Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais que os expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación dos tratados internacionais.

Artigo 6.- Bases, tipos e cotas tributarias

A contía das taxas reguladas na presente ordenanza será a seguinte:

Constitúe a cota tributaria a contida nas tarifas que figuran no Anexo, conforme ao previsto no artigo 24.1 a) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local.

O importe das taxas previstas por dita utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local fixarase tomando como referencia o valor que tería no mercado a utilidade derivada de dita utilización ou aproveitamento, coma se os bens afectados non fosen de dominio público, adoptado á vista de informes técnicoeconómicos nos que se poña de manifesto o valor de mercado. Dito informe incorporárase ao expediente para a adopción do correspondente acordo.

A tal fin e consonte o artigo 24.1 a) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, atendendo á natureza específica da utilización privativa ou do aproveitamento especial, resultará a cota tributaria correspondente para elementos tales como torres, soportes, postes, tubaxes, liñas, condutores, repetidores, etc., que se asentan e atravesan bens de uso, dominio ou servizo público e bens comunais e que, en consecuencia, non tendo os suxeitos pasivos a propiedadesobre os terreos afectados, minguan sen embargo o seu aproveitamento común ou público e obteñen sobre os mesmos unha utilización privativa ou un aproveitamento especial para a súa propia actividade empresarial.

A cota tributaria resultará de calcular en primeiro lugar a base impositiva que ven dada polo valor total da ocupación, solo e instalacións, dependendo do tipo de instalación, destino e clase que reflicte o estudio, á que se aplicará o tipo impositivo que recolle o propio estudio en atención ás prescricións das normas sobre cesión de bens de uso e dominio público, de modo que a cota non resulta dun valor directo de instalacións e ocupacións, que é o que constitúe a base impositiva, senón do resultado de aplicar a esta o tipo impositivo.

En consecuencia, a cota tributaria da taxa está contida no Anexo de Tarifas correspondente ao estudio técnico económico que forma parte desta ordenanza, no que coa metodoloxía empregada obtívose e recolleuse a cota tributaria en cada caso.

Artigo 7.- Período impositivo e devindicación

1. O período impositivo coincide có ano natural, salvo nos supostos de inicio na utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local, en que abarcará dende a data de inicio ata o final do ano natural.

2. A taxa devindícase o primeiro día do período impositivo.

Nos supostos de inicio ou cesamento na utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local, as cotas prorratearanse trimestralmente, conforme ás seguintes regras:

a) Nos supostos de altas por inicio de actividade, liquidarase a cota correspondente aos trimestres que restan para finalizar o exercicio, incluído o trimestre no que ten lugar a alta.

b) No caso de baixas por cesamento de actividade, liquidarase a cota que corresponda aos trimestres transcorridos dende o inicio do exercicio, incluído aquel no que se orixine o cesamento.

3. A obriga de pago da taxa regulada nesta ordenanza nace nos momentos seguintes:

a) Cando se trata de concesións ou autorizacións de novos aproveitamentos ou utilizacións privativas do dominio público local, no momento de solicitar a licenza correspondente, ou no momento de realizar o aproveitamento definido nesta ordenanza, se se tivera realizado sen a preceptiva licenza.

b) Cando o desfrute do aproveitamento especial ou a utilización privativa do dominio público local a que se refire o artigo 1 desta ordenanza non requira licenza ou autorización, dende o momento en que se inicie o citado aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local.

4. Cando os aproveitamentos especiais ou utilizacións privativas do dominio público local se prolonguen durante varios exercicios, a devindicación da taxa terá lugar o 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural.

Artigo 8.- Normas de xestión

1. Para a liquidación da taxa regulada na presente ordenanza, o obrigado tributariodeberá presentar, no prazo de trinta días naturais, contados dende o día seguinte a aquel no que nace a obriga, segundo o disposto no artigo 7.2 da presente ordenanza, unha declaración tributaria onde se comuniquen todos os elementos necesarios para que a Administración poida calcular a débeda tributaria e practicar a correspondente liquidación.

2. Nos supostos de aproveitamentos especiais ou utilizacións privativas continuadas e en tanto non se produza o seu cesamento, e tras a primeira liquidación practicada conforme ao parágrafo 1 do presente artigo, os obrigados tributarios serán incorporados a unha lista cobratoria ou padrón da presente taxa, elaborado a partir dos datos contidos na declaración mencionada no punto 1 do presente artigo, e que será notificado persoalmente ao suxeito pasivo ou ben de forma colectiva mediante exposición pública no taboleiro de anuncios do Concello polo período correspondente, e que se anunciará, neste último caso, no Boletín Oficial da Provincia.

Unha vez incluídos no padrón, o pagamento da taxa regulada nesta ordenanza realizarase nos prazos que se sinalen para o cobro das débedas de notificación colectiva e periódica. A non recepción do documento de pagamento non invalida a obriga de satisfacer a taxa.

Os suxeitos pasivos deberán comunicar calquera variación de orde físico, económico ou xurídico que se produza no aproveitamento especial ou utilización privativa e que teña transcendencia a efectos desta taxa, no prazo de un mes dende a data en que se produza. Ditas variacións surtirán efectos a partir do trimestre seguinte a aquel no que se produzan.

3. As persoas físicas ou xurídicas e demais entidades interesadas na concesión de aproveitamentos ou na utilización privativa regulados nesta ordenanza ou titulares de concesións administrativas ou outras autorizacións legais, que non contén coa preceptiva, no seu caso, licenza municipal, deberán solicitar a mesma e cumprir os trámites legais que resulten de aplicación, sen que a falta da mesma exímalles do pagamento da taxa.

4. Unha vez autorizada a ocupación sobre os bens a que se refire esta ordenanza ou establecida a mesma, se non se determinou con exactitude a duración da autorización da utilización privativa ou aproveitamento especial, entenderase prorrogada a efectos desta ordenanza ata que se presente a declaración de baixa polos suxeitos pasivos.

5. A presentación da baixa surtiráos efectos descritos no artigo 7.2 desta ordenanza. Mentres non se presente a baixa continúa a obriga de abonar a taxa.

Artigo 9.- Infraccións e sancións

En todo o relativo ao réxime de infraccións e sancións, aplicarase o disposto na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Os preceptos desta Ordenanza fiscal que reproduzan aspectos da lexislación vixente e e aqueles outros que conteñan remisións a preceptos normativos, entenderase que quedan automaticamente modificados ou substituídos no momento no que se produza a modificación dos preceptos legais e regulamentarios que lles afectan.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza foi aprobada polo Pleno do Concello de Cambados en sesión celebrada o día ___ de _____ de 2017.

Entrará en vigor, tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, o día __ de _____ de 2017.

ANEXO

| LEENDA | | | | | | | |
|--|---|--|----------------------------------|-----------------------------------|---|---|-------------------|
| ml: metro lonxitudinal | | | | | | | |
| a: de xeito xeral e un valor de ocupación expresado en [m ² /ml]. Para cada tipo de instalación a súa definición é indicada concretamente | | | | | | | |
| RM: coeficiente de relación a mercado: 0,5 | | | | | | | |
| TG: tipo de gravame (5 %) | | | | | | | |
| cota tarifa = base imponible x tipo de gravame | | | | | | | |
| FÓRMULA NÚMERO 1 GRUPOS 1 a 3: [(AxC)+B]xRM | | | | | | | |
| FÓRMULA NÚMERO 2 GRUPO 4: (A+B)xCxRM | | | | | | | |
| GRUPO 1: CONDUCIÓNS DE ELECTRICIDADE | | | | | | | |
| LIÑAS AÉREAS (AE) | | | | | | | |
| Valor "a" para os liños aéreos: superficie [m ²] ocupada entre os dous condutores extremos por metro lineal = valor da distancia en metros entre os dous condutores extremos. | | | | | | | |
| METROS LINEAIS DE TIPO DE INSTALACIÓN | VALOR DO SOLO [€/m ²] (A) | OCUPACIÓN POR TIPO DE INSTALACIÓN [m ² /ml] (C) | VALOR DA CONSTRUCCIÓN [€/ml] (B) | VALOR DO INMOBLE [€/ml] [(AxC)+B] | BASE IMPOÑIBLE por unidade de lonxitude [€/ml] [(AxC)+B]xRM | COTA TARIFA por unidade de lonxitude [€/ml] [(AxC)+B]xRMxTG | |
| CATEGORÍA ESPECIAL (tensión nominal da rede de 220 KV ou superior) | | | | | | | |
| 1.AE.A1 | Liña aérea de alta tensión. Tensión U ≥ 400 KV. Cuádruple circuito. | 0,2250 | 8,6 + a | 1.010,9600 | 0,225a + 1.012,895 | 0,1125a + 506,4475 | 0,005625a + 25,32 |
| 1.AE.A2 | Liña aérea de alta tensión. Tensión U ≥ 400 KV. Doble circuito. | 0,2250 | 8,6 + a | 505,0470 | 0,225a + 506,982 | 0,1125a + 253,4910 | 0,005625a + 12,67 |
| 1.AE.A3 | Liña aérea de alta tensión. Tensión U ≥ 400 KV. Simple circuito. | 0,2250 | 8,6 + a | 298,4370 | 0,225a + 300,372 | 0,1125a + 150,1860 | 0,005625a + 7,51 |
| 1.AE.A4 | Liña aérea de alta tensión. Tensión de 220 KV ≤ U < 400 KV. Cuádruple circuito. | 0,2250 | 6,4 + a | 970,3170 | 0,225a + 989,757 | 0,1125a + 494,8785 | 0,005625a + 24,74 |
| 1.AE.A5 | Liña aérea de alta tensión. Tensión de 220 KV ≤ U < 400 KV. Doble circuito. | 0,2250 | 6,4 + a | 451,1970 | 0,225a + 470,637 | 0,1125a + 235,3185 | 0,005625a + 11,77 |
| 1.AE.A6 | Liña de alta tensión. Tensión 220 KV ≤ U < 400 KV. Simple circuito | 0,2250 | 6,4 + a | 266,6170 | 0,225a + 286,057 | 0,1125a + 143,0285 | 0,005625a + 7,15 |
| PRIMEIRA CATEGORÍA (tensión nominal da rede superior a 66 KV e inferior a 220 KV) | | | | | | | |
| 1.AE.B1 | Liña aérea de alta tensión. Tensión 66 KV < U < 220 KV. Doble circuito o máis circuitos | 0,2250 | 5 + a | 461,4740 | 0,225a + 462,599 | 0,1125a + 231,2995 | 0,005625a + 11,56 |
| 1.AE.B2 | Liña aérea de alta tensión. Tensión 66 KV < U < 220 KV. Simple circuito | 0,2250 | 5 + a | 314,6420 | 0,225a + 315,767 | 0,1125a + 157,8835 | 0,005625a + 7,89 |
| SEGUNDA CATEGORÍA (tensión nominal da rede superior a 30 KV e igual ou inferior a 66 KV) | | | | | | | |
| 1.AE.C1 | Liña aérea de alta tensión. Tensión 30 KV < U ≤ 66 KV. Doble circuito o máis circuitos | 0,2250 | 4,2 + a | 365,3390 | 0,225a + 366,284 | 0,1125a + 183,142 | 0,005625a + 9,16 |
| 1.AE.C2 | Liña aérea de alta tensión. Tensión 30 KV < U ≤ 66 KV. Simple circuito | 0,2250 | 4,2 + a | 249,0940 | 0,225a + 250,039 | 0,1125a + 125,0915 | 0,005625a + 6,25 |
| TERCEIRA CATEGORÍA (tensión nominal da rede igual ou inferior a 30 KV) | | | | | | | |
| 1.AE.D4 | Liña aérea de alta tensión. Tensión 1 KV < U ≤ 30 KV. | 0,2250 | 4 + a | 30,0000 | 0,225a + 30,900 | 0,1125a + 15,45 | 0,005625a + 0,77 |
| LIÑAS SUBTERRÁNEAS DE 220 KV OU MÁIS (SB) | | | | | | | |
| Valor "a" para os liños subterráneos: superficie [m ²] ocupada pola gabiá onde van aloxados os condutores por cada metro lineal de condución = ancho en metros da canalización onde van aloxados os condutores | | | | | | | |
| METROS LINEAIS DE TIPO DE INSTALACIÓN | VALOR DO SOLO [€/m ²] (A) | OCUPACIÓN POR TIPO DE INSTALACIÓN [m ² /ml] (C) | VALOR DA CONSTRUCCIÓN [€/ml] (B) | VALOR DO INMOBLE [€/ml] [(AxC)+B] | BASE IMPOÑIBLE por unidade de lonxitude [€/ml] [(AxC)+B]xRM | COTA TARIFA por unidade de lonxitude [€/ml] [(AxC)+B]xRMxTG | |
| DE COBRE | | | | | | | |
| 1.SB.CU1 | Liña subterránea de cobre de 2.500 mm ² ou máis. Doble circuito o máis circuitos | 0,2250 | 2a | 5.110,1490 | 0,45a + 5.110,149 | 0,225a + 2.299,567 | 0,01125a + 114,98 |
| 1.SB.CU2 | Liña subterránea de cobre de 2.500 mm ² ou máis. Simple circuito | 0,2250 | 2a | 2.594,1170 | 0,45a + 2.594,117 | 0,225a + 1.167,352 | 0,01125a + 58,37 |
| 1.SB.CU3 | Liña subterránea de cobre de 2.000 mm ² ou máis e menos de 2.500 mm ² . Doble circuito o máis circuitos | 0,2250 | 2a | 4.218,1980 | 0,45a + 4.218,198 | 0,225a + 1.898,189 | 0,01125a + 94,91 |
| 1.SB.CU4 | Liña subterránea de cobre de 2.000 mm ² ou máis e menos de 2.500 mm ² . Simple circuito | 0,2250 | 2a | 2.271,3130 | 0,45a + 2.271,31 | 0,225a + 1.022,09 | 0,01125a + 51,10 |
| 1.SB.CU5 | Liña subterránea de cobre de 1.100 mm ² ou máis e menos de 2.000 mm ² . Doble circuito o máis circuitos | 0,2250 | 2a | 3.332,3770 | 0,45a + 3.332,377 | 0,225a + 1.499,569 | 0,01125a + 74,98 |
| 1.SB.CU6 | Liña subterránea de cobre de 1.100 mm ² ou máis e menos de 2.000 mm ² . Simple circuito | 0,2250 | 2a | 1.713,8100 | 0,45a + 1.713,810 | 0,225a + 771,214 | 0,01125a + 38,56 |
| 1.SB.CU7 | Liña subterránea de cobre de menos de 1.100 mm ² . | 0,2250 | 2a | 171,7900 | 0,45a + 171,790 | 0,225a + 77,305 | 0,01125a + 3,87 |

| DE ALUMINIO OU DOUTROS METAIS DISTINTOS DO COBRE | | | | | | | |
|--|---|--------|----|------------|-------------------|--------------------|------------------|
| 1.SB.AL1 | Liña subterránea non de cobre de 2.000 mm2 ou máis. Doble circuito o máis circuitos | 0,2250 | 2a | 2.910,5570 | 0,45a + 2.910,557 | 0,225a + 1.309,750 | 0,01125a + 65,49 |
| 1.SB.AL2 | Liña subterránea non de cobre de 2.000 mm2 ou máis. Simple circuito | 0,2250 | 2a | 1.496,8710 | 0,45a + 1.496,871 | 0,225a + 673,591 | 0,01125a + 33,68 |
| 1.SB.AL3 | Liña subterránea non de cobre de 1.200 mm2 ou máis e menos de 2.000 mm2. Doble circuito ou máis circuitos | 0,2250 | 2a | 2.055,0480 | 0,45a + 2.055,048 | 0,225a + 924,771 | 0,01125a + 46,24 |
| 1.SB.AL4 | Liña subterránea non de cobre de 1.200 mm2 ou máis e menos de 2.000 mm2. Simple circuito | 0,2250 | 2a | 1.041,3010 | 0,45a + 1.041,301 | 0,225a + 468,585 | 0,01125a + 23,43 |
| 1.SB.AL5 | Liña subterránea non de cobre de 630 mm2 ou máis e menos de 1.200 mm2. Doble circuito ou máis circuitos | 0,2250 | 2a | 1.729,4610 | 0,45a + 1.729,461 | 0,225a + 778,257 | 0,01125a + 38,91 |
| 1.SB.AL6 | Liña subterránea non de cobre de 630 mm2 ou máis e menos de 1.200 mm2. Simple circuito | 0,2250 | 2a | 889,4460 | 0,45a + 889,446 | 0,225a + 400,250 | 0,01125a + 20,01 |
| 1.SB.AL7 | Liña subterránea non de cobre de menos de 630 mm2 | 0,2250 | 2a | 171,7900 | 0,45a + 171,790 | 0,225a + 77,305 | 0,01125a + 3,87 |

GRUPO 2: CONDUCCIÓN DE GAS E HIDROCARBUROS

| METROS LINEAIS DE TIPO DE INSTALACIÓN | VALOR DO SOLO [€/m2] (A) | OCUPACIÓN POR TIPO DE INSTALACIÓN [m2/ml] (C) | VALOR DA CONSTRUCCIÓN [€/ml] (B) | VALOR DO INMOBLE [€/ml] [(AxC)+B] | BASE IMPOÑIBLE por unidade de lonxitude [€/ml] [(AxC)+B]xRM | COTA TARIFA por unidade de lonxitude [€/ml] [(AxC)+B]xRMxTG |
|---------------------------------------|---|---|----------------------------------|-----------------------------------|---|---|
| 2.A.1 | Canalización de 44 polgadas de diámetro ou máis. Presión >= 16 bar. Cat. 1ª | 20,0000 | 1.019,9200 | 1.024,4200 | 512,2100 | 25,6105 |
| 2.A.2 | Canalización de 44 polgadas de diámetro ou máis. Presión >= 16 bar. Cat. 2ª | 10,0000 | 1.019,9200 | 1.022,1700 | 511,0850 | 25,5543 |
| 2.A.3 | Canalización de 44 polgadas de diámetro ou máis. Presión >= 16 bar. Cat. 3ª | 5,0000 | 1.019,9200 | 1.021,0450 | 510,5225 | 25,5261 |
| 2.B.1 | Canalización de 32 polgadas ou máis de diámetro e menos de 44. Presión >= 16 bar. Cat. 1ª | 20,0000 | 666,2400 | 670,7400 | 335,3700 | 16,7685 |
| 2.B.2 | Canalización de 32 polgadas ou máis de diámetro e menos de 44. Presión >= 16 bar. Cat. 2ª | 10,0000 | 666,2400 | 668,4900 | 334,2450 | 16,7123 |
| 2.B.3 | Canalización de 32 polgadas ou máis de diámetro e menos de 44. Presión >= 16 bar. Cat. 3ª | 5,0000 | 666,2400 | 667,3650 | 333,6825 | 16,6841 |
| 2.C | Canalización de 20 polgadas ou máis de diámetro e menos de 32 | 4,0000 | 410,8000 | 411,7000 | 205,8500 | 10,2925 |
| 2.D | Canalización de 16 polgadas ou máis de diámetro e menos de 20 | 4,0000 | 365,4400 | 366,3400 | 183,1700 | 9,1585 |
| 2.E | Canalización de 12 polgadas ou máis de diámetro e menos de 16 | 4,0000 | 302,6400 | 303,5400 | 151,7700 | 7,5885 |
| 2.F | Canalización de 8 polgadas ou máis de diámetro e menos de 12 | 4,0000 | 246,4800 | 247,3800 | 123,6900 | 6,1845 |
| 2.G | Canalización de gas de menos de 8 polgadas de diámetro | 4,0000 | 211,3200 | 212,2200 | 106,1100 | 5,3055 |

GRUPO 3: CONDUCCIÓN DE AUGA

Valor "a" nas condicións de auga: superficie [m2] da zona de servidume establecida por cada metro lineal de conducción = ancho en metros da zona de servidume.

Valor "d" nas canles: diámetro da canle [ml].

| METROS LINEAIS DE TIPO DE INSTALACIÓN | VALOR DO SOLO [€/m2] (A) | OCUPACIÓN POR TIPO DE INSTALACIÓN [m2/ml] (C) | VALOR DA CONSTRUCCIÓN [€/ml] (B) | VALOR DO INMOBLE [€/ml] [(AxC)+B] | BASE IMPOÑIBLE por unidade de lonxitude [€/ml] [(AxC)+B]xRM | COTA TARIFA por unidade de lonxitude [€/ml] [(AxC)+B]xRMxTG |
|---------------------------------------|---|---|----------------------------------|-----------------------------------|---|---|
| 3.A | Tubaxe de menos de 10 cm de diámetro | a | 15,7200 | 0,225a + 15,72 | 0,1125a + 7,86 | 0,005625a + 0,39 |
| 3.B | Tubaxe de 10 cm ou máis de diámetro e menos de 25 | a | 16,3000 | 0,225a + 15,72 | 0,1125a + 8,15 | 0,005625a + 0,41 |
| 3.C | Tubaxe de 25 cm ou máis de diámetro e menos de 50 | a | 52,5700 | 0,225a + 15,72 | 0,1125a + 26,28 | 0,005625a + 1,31 |
| 3.D | Tubaxe de 50 cm ou máis de diámetro | a | 113,2600 | 0,225a + 15,72 | 0,1125a + 56,63 | 0,005625a + 2,83 |

GRUPO 4: OUTROS (instalacións complementarias ás condicións)

| TIPO DE INSTALACIÓN | VALOR DO SOLO [€/m2] (A) | VALOR DA CONSTRUCCIÓN [€/m2] (G) | OCUPACIÓN POR TIPO DE INSTALACIÓN [m2] (H) | VALOR DO INMOBLE [€] (A+G)xH | BASE IMPOÑIBLE [€] (A+G)xHxRM | COTA TARIFA [€] (A+G)xHxRMxTG |
|---------------------|--------------------------|----------------------------------|--|------------------------------|-------------------------------|-------------------------------|
| 4 | Instalación | G | H | (0,225 + G) x H | (0,1125 + 0,5G) x H | (0,005625 + 0,025G) x H |